

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**14264** *Real decreto 1110/2015, do 11 de decembro, polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.*

I

A Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do Sistema de protección á infancia e á adolescencia, prevé na súa disposición derradeira décimo sétima que o Goberno, por proposta do Ministerio de Xustiza, ditará no prazo de seis meses desde a publicación da citada lei as disposicións regulamentarias oportunas relativas á organización do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais no Rexistro Central de Penados e no Rexistro Central de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores, que se integrarán no Sistema de rexistros de apoio á Administración de xustiza.

O principio inspirador a que responde o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais estrutúrase sobre a base do dereito fundamental do menor a que o seu interese superior sexa prioritario, como proclama a Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do Sistema de protección á infancia e á adolescencia. Neste contexto, non só se plasman os compromisos adquiridos por España no seo da Unión Europea e do Consello de Europa, senón que ademais permite a equiparación aos países do noso ámbito na extensión da protección que dispensan aos nenos contra a explotación e o abuso sexual.

Partindo destes principios, o real decreto regula a organización e o contido do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, así como os procedementos de inscrición, acceso, cancelación, rectificación e certificación da información contida nel, o que configura un instrumento eficaz para os fins perseguidos.

En primeiro lugar, preténdese a prevención e protección dos menores fronte á delincuencia de natureza sexual, de conformidade coas normas nacionais e supranacionais, e acorde cos sistemas rexistrais doutros países do noso ámbito.

En segundo termo, desenvólvese un sistema para coñecer se os que pretenden acceder e exercer profesións, oficios e actividades que impliquen un contacto habitual con menores carecen de condenas, tanto en España coma noutros países, polos delitos a que se refire este real decreto.

E en último lugar, búscase facilitar a investigación e identificación dos autores dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais, así como de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, incluída a pornografía, con independencia da idade da vítima.

Deste modo, incorpórase á nosa lexislación a normativa supranacional, en especial o Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, do 25 de outubro de 2007 -en diante Convenio de Lanzarote- para satisfacer o compromiso adquirido de contribuír eficazmente ao obxectivo común de protexer os nenos contra a explotación e o abuso sexual; a Directiva 2011/93/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e explotación sexual dos menores e a pornografía infantil; a Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúe a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello, seguindo este real decreto a liña xa iniciada coa Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima; e a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello da Unión Europea, do 19 de xullo de 2002, relativa á loita contra a trata de seres humanos.

## II

Por outra parte, de conformidade co artigo 37 do citado Convenio de Lanzarote, dispónse a incorporación ao Rexistro Central de Delincuentes Sexuais dos datos relativos á identidade e ao perfil xenético (ADN) das persoas condenadas polos delitos obxecto deste, xunto co resto de información penal que conste no Rexistro Central de Penados, así como no Rexistro Central de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores.

Para iso, o Ministerio de Interior, en canto encargado da Base de datos nacional de ADN, será o interlocutor para incorporar o código identificador do perfil xenético do condenado, así como para comunicar a cancelación da inscrición do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais para os efectos da correspondente cancelación do perfil xenético prevista na Lei orgánica 10/2007, do 8 de outubro, reguladora da base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN.

No marco da necesaria coordinación coas administracións públicas competentes en materia de protección de menores, establécese que o soporte en que se deberán almacenar os datos contidos no Rexistro debe permitir a súa interoperabilidade. Preténdese con iso facer posible un seguimento e control das persoas condenadas por estes delitos, non só en España senón tamén noutros países, así como colaborar coas autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea e do Consello de Europa para facilitar o intercambio de información neste ámbito.

De conformidade coa previsión legal contida na Lei 26/2015, do 28 de xullo, da cal deriva o presente real decreto, para o cumprimento dos fins perseguidos por este e anteriormente expostos, e tendo en todo caso presente o superior interese do menor cuxa liberdade e indemnidade sexuais se trata de protexer, o acceso directo ao Rexistro limitarase, conforme o disposto no Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, aos órganos xudiciais para os efectos da súa utilización nos procedementos e nas actuacións das súas respectivas competencias; ao Ministerio Fiscal cando iso resulte necesario para o cumprimento das funcións atribuídas a este pola Lei de axuízamento criminal, pola Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e pola Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal; e á policía xudicial no ámbito das súas competencias para o desenvolvemento das actuacións que lle estean encomendadas en relación coa persecución e co seguimento das condutas inscritas neste rexistro, de conformidade co disposto no artigo 549.1 da Lei orgánica do poder xudicial, na Lei de axuízamento criminal e na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro. En todo caso, o acceso deberá estar vinculado ás finalidades e aos obxectivos perseguidos polo Rexistro.

Por outra parte, permítense a obtención dos datos inscritos, mesmo sen necesidade de contar co consentimento do interesado, no caso dos órganos xudiciais ou de que a certificación sexa solicitada polas entidades públicas de protección de menores competentes territorialmente.

Para completar a protección dispensada polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais aos menores e evitar a reiteración delituosa tan habitual nos tipos de delitos sexuais, o número 5 do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, exige como requisito para o acceso e exercicio das profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexuais, así como por trata de seres humanos, que se deberá entender referida á que ten fins de explotación sexual, tanto en España como no estranxeiro. En consonancia coa precitada exixencia legal, o presente real decreto recolle un réxime de certificación deste tipo de inscricións, por instancia do propio interesado ou das administracións públicas, co consentimento do interesado ou do seu representante.

O réxime de cancelación das inscricións do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais establécese en función da idade da vítima e do condenado. Se a vítima for maior de idade, a cancelación faise coincidir coa dos antecedentes penais, sen que se estenda a vixencia

da inscrición máis alá dos efectos que o Código penal establece atendendo á gravidade do delito cometido.

Pola contra, se a vítima ten a condición de menor de idade, considérase conveniente seguir un réxime distinto en relación cos límites temporais establecidos para a cancelación dos antecedentes penais e ampliar a duración da inscrición ata 30 anos, atendendo á específica función e finalidade das inscricións deste rexistro, que non se constitúe como unha pena senón como unha medida para a protección da infancia e adolescencia. Iso non se opón aos principios de proporcionalidade, necesidade ou reinserción pois non impide que os antecedentes penais sexan cancelados no prazo establecido legalmente, sen que as ditas inscricións sexan consideradas para os efectos de reincidencia.

Non obstante, se o condenado é menor de idade no momento de cometer o delito, non será de aplicación o anterior, senón que se observará o prazo de cancelación dos antecedentes penais coa finalidade de posibilitar a reinserción dos menores infractores e evitar a súa estigmatización.

Por outra parte, prevendo a inscrición no Rexistro de condenas ditadas por tribunais estranxeiros, establécese, respecto destas, con carácter xeral, que a cancelación estará condicionada á comunicación previa do Estado de condena, tal como dispón o artigo 5.2 da Lei orgánica 7/2014, do 12 de novembro, sobre intercambio de información de antecedentes penais e consideración de resolucións xudiciais penais na Unión Europea, respecto das condenas ditadas noutro Estado membro da Unión Europea.

### III

Ao longo da regulación do presente real decreto latexa a protección do interese do menor como último fin da norma; responde así o lexislador, en consonancia coa xurisprudencia sentada polo Tribunal Constitucional na Sentenza 185/2012, do 17 de outubro, ao mandato constitucional que recibe directamente do artigo 39 da Constitución española, que lles encomenda aos poderes públicos a obriga de velar pola protección integral dos nenos de conformidade cos convenios internacionais.

Seguindo esta máxima, cabe destacar que a Convención sobre os dereitos do neno parte dun principio fundamental: o interese do neno debe considerarse superior aos demais intereses en xogo e a súa exhibibilidade non queda ao criterio dos Estados. A rotundidade deste postulado deriva da posición de partida dos menores, que teñen menos posibilidades que os adultos de defender con forza os seus propios intereses.

A transcendencia deste principio leva a que o artigo 2 da Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, declare que todo menor ten dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lle concirnan, tanto no ámbito público como privado. Na aplicación da presente lei e demais normas que o afecten, así como nas medidas concernentes aos menores que adopten as institucións, públicas ou privadas, os tribunais ou os órganos lexislativos, primará o interese superior destes sobre calquera outro interese lexítimo que poida concorrer.

A Directiva 2012/29/UE, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúe a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello, relativa aos dereitos das vítimas, deu lugar á aprobación da Lei 4/2015, do 27 de abril, cuxo artigo 19, ao se referir ao dereito das vítimas, establece a obriga, para as autoridades e os funcionarios encargados da investigación, persecución e axuízamento dos delitos, de adoptar as medidas necesarias para a súa protección, e confire unha especial importancia ao Ministerio Fiscal cando a vítima sexa menor.

A determinación do interese superior do menor en cada caso debe basearse nunha serie de criterios aceptados e valores universalmente recoñecidos polo lexislador, que deben ser tidos en conta e ponderados en función de diversos elementos e das circunstancias do caso, e así se fixo no presente real decreto, cuxo fin primordial non é outro que a creación dun instrumento eficaz para dar resposta ao clamor social de protexer o interese dos menores, potenciais vítimas destes delitos especialmente reprochables e

que afectan dun xeito fundamental o desenvolvemento normal da personalidade dos nenos.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 2015,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito.*

1. Este real decreto ten por obxecto crear e regular a organización e o funcionamento do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais previsto na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do Sistema de protección á infancia e á adolescencia, así como o réxime de inscrición, consulta, certificación e cancelación dos datos contidos naquel.

2. O seu ámbito de actividade esténdese a todo o territorio nacional, sen prexuízo do disposto nos tratados internacionais subscritos nesta materia por España.

##### Artigo 2. *Dereito de aplicación supletoria.*

En todo aquilo que non estea especificamente previsto no presente real decreto resultará de aplicación supletoria o Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.

##### Artigo 3. *Natureza e finalidade.*

1. O Rexistro Central de Delinquentes Sexuais constitúe un sistema de información, de carácter non público e gratuito, relativo á identidade, ao perfil xenético, ás penas e medidas de seguridade impostas a aquelas persoas condenadas en sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais ou por trata de seres humanos con fins de explotación sexual, incluída a pornografía, regulados na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, con independencia da idade da vítima. Esta información referirase ás condenas ditadas tanto en España como noutros países, en particular nos Estados membros da Unión Europea e do Consello de Europa.

2. A finalidade do Rexistro é contribuir á protección dos menores contra a explotación e o abuso sexual, con independencia de quen sexa o autor do delito, mediante o establecemento dun mecanismo de prevención que permita coñecer se os que pretenden o acceso e exercicio de profesións, oficios e actividades que impliquen o contacto habitual con menores carecen ou non de condenas penais polos delitos a que se refire o número anterior.

Así mesmo, o Rexistro ten como fin facilitar a investigación e persecución dos delitos a que se refire o presente real decreto co obxecto de protexer as vítimas menores de idade da delincuencia sexual, coa introdución de medidas eficaces que contribúan á identificación dos seus autores e de cooperación coas autoridades xudiciais e policiais doutros países, en particular cos Estados membros da Unión Europea e do Consello de Europa.

##### Artigo 4. *Organización.*

1. O Rexistro Central de Delinquentes Sexuais intégrase no Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza regulado no Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro. A súa xestión corresponde á Secretaría de Estado de Xustiza a través da Secretaría Xeral da Administración de Xustiza.

2. O encargado do Rexistro será responsable do seu control, organización e xestión; adoptará as medidas necesarias para asegurar a axilidade na transmisión da información regulada no artigo seguinte, así como a veracidade, integridade, confidencialidade e accesibilidade dos datos contidos nas inscricións. Así mesmo, garantirá, con plena eficacia

xurídica, a autenticidade e integridade dos datos certificados e impulsará o cumprimento do previsto en materia de cancelación das inscricións.

*Artigo 5. Información contida nas inscricións.*

1. O Rexistro Central de Delincuentes Sexuais conterá toda a información penal que conste tanto no Rexistro Central de Penados como no Rexistro Central de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores respecto dos que fosen condenados en sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais, así como por trata de seres humanos con fins de explotación sexual, incluída a pornografía, con independencia da idade da vítima, nos termos previstos nos artigos 8 e 9 do Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro. Así mesmo, deberá constar o código identificador do perfil xenético (ADN) do condenado cando así o acordase o órgano xudicial.

Non se incluírán no Rexistro os datos de identidade da vítima, salvo, se é o caso, a súa condición de menor de idade.

2. A inscrición, o acceso, a rectificación, a cancelación e a certificación dos datos, así como as medidas de seguridade da información contida no Rexistro, rexeranse polo establecido no Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, coas especialidades establecidas no presente real decreto.

*Artigo 6. Comunicación entre rexistros.*

1. O Rexistro Central de Penados e o Rexistro Central de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores remitirán de forma automática ao Rexistro Central de Delincuentes Sexuais a información relativa a penas e medidas de seguridade impostas en sentenza firme por algún dos delitos a que se refire o artigo anterior, no mesmo momento en que proceda a súa inscrición nos respectivos rexistros, así como calquera modificación que se produza con posterioridade, incluída a cancelación do antecedente penal.

2. A transmisión de datos ao Rexistro Central de Delincuentes Sexuais realizarase a través dos procedementos regulados neste real decreto e nas disposicións administrativas que o desenvolvan.

*Artigo 7. Soporte da información.*

Os datos almacenaranse en soportes apropiados para o seu mantemento e expresión, con garantía xurídica e de modo indubidable de toda a información que debe constar no Rexistro, de forma que se asegure a súa dispoñibilidade, acceso, integridade, autenticidade, confidencialidade, conservación e interoperabilidade.

*Artigo 8. Acceso á información contida nas inscricións.*

1. O Ministerio de Xustiza autorizará, para satisfacer as finalidades e os obxectivos perseguidos polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, establecendo as medidas de seguridade oportunas, o acceso directo á información contida no Rexistro:

a) Aos xuíces e tribunais de calquera orde xurisdiccional, a través do persoal de cada órgano ou oficina xudicial autorizado polo letrado da Administración de xustiza, incluídos os datos das inscricións canceladas, para os efectos da súa utilización nos procedementos e actuacións de que estean a coñecer no ámbito das súas respectivas competencias.

b) Ao Ministerio Fiscal, a través do persoal de cada órgano ou oficina fiscal autorizado polo fiscal xefe, cando iso resulte necesario para o cumprimento das súas funcións legalmente atribuídas.

c) Á policía xudicial, a través dos funcionarios autorizados que desempeñen estas funcións, en canto sexa necesario para o exercicio das competencias previstas no artigo 549.1 da Lei orgánica do poder xudicial, en relación coa prevención, persecución e seguimento das condutas inscritas neste rexistro.

2. O Ministerio de Xustiza habilitará os funcionarios autorizados encargados da Base de datos nacional de ADN do Ministerio do Interior para que poidan incorporar o código identificador do perfil xenético previsto no artigo 5.

3. En todo caso, conforme o previsto no capítulo IV do Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, quedará constancia da identidade das persoas que accedan ao Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e dos datos consultados, e corresponderalle ao encargado do Rexistro a realización de auditorías periódicas para verificar que os accesos que se produzan se corresponden coas finalidades previstas no presente real decreto.

#### Artigo 9. *Certificación dos datos inscritos.*

1. Os órganos xudiciais, en relación coas causas que tramiten e para a súa unión ao procedemento, poderán obter directamente os datos contidos no Rexistro e achegalos ao procedemento xudicial mediante dilixencia de constancia do letrado da Administración de xustiza, con plena validez xurídica, sen necesidade de solicitar certificación ao responsable do rexistro.

2. O encargado do Rexistro, sempre que non se trate de información reservada a xuíces e tribunais, e logo de consentimento do interesado ou do seu representante, informará dos datos relativos a este contidos no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, por instancia de calquera órgano das administracións públicas ante o cal se tramite un procedemento para acceder a profesións, oficios ou actividades que impliquen un contacto habitual con menores, así como para o seu exercicio. En ausencia de tal consentimento, o certificado expedirase por instancia do propio interesado nos termos previstos no número seguinte.

3. Por petición do titular interesado poderán certificarse directamente os datos relativos á súa persoa e subscribir certificacións negativas respecto a persoas que non figuren inscritas. De se tratar de menores de idade ou persoas coa capacidade modificada xudicialmente, a solicitude deberá efectualas, en todo caso, o seu representante legal. A certificación positiva conterá a transcripción dos datos inscritos, tal e como consten no Rexistro no momento da súa expedición, excluindo as inscricións que, conforme unha norma con rango de lei, se encontren á disposición exclusiva de xuíces e tribunais.

En todo caso, os cidadáns de orixe estranxeira ou que teñan outra nacionalidade deberán, ademais, achegar certificación negativa de condenas penais expedida polas autoridades do seu país de orixe ou de onde sexan nacionais respecto dos delitos relacionados no número 1 do artigo 3.

4. As entidades públicas de protección de menores competentes territorialmente poderán solicitar, por vía telemática, ao encargado do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais os datos do inscrito que resulten necesarios para valorar a situación de desprotección dun menor respecto de quen sexa o seu proxenitor, titor, gardador ou acolledor, aínda sen consentimento daquel e sempre que non se trate de información reservada a xuíces e tribunais. Cada unha destas entidades públicas identificará o órgano responsable do control deses datos e comunicarllo ao encargado do Rexistro para garantir a súa confidencialidade.

5. Así mesmo, por instancia de autoridades xudiciais ou policiais estranxeiras que o requiran no marco dunha investigación xudicial ou policial, ou de prevención do delito, o encargado do Rexistro comunicará a información que conste nel, sen consentimento do interesado, nas formas e nos supostos que determinen as normas comunitarias e os tratados internacionais de asistencia xudicial en materia penal subscritos por España.

6. En todo caso, a solicitude, a expedición e a obtención dos certificados faranse preferentemente por medios electrónicos, de conformidade co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 10. *Cancelación de datos relativos a penas e medidas de seguridade impostas en sentenza firme.*

1. As inscricións contidas no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais cancelaranse de oficio, por instancia do titular dos datos ou do seu representante legal se aquel é menor de idade ou persoa coa capacidade modificada xudicialmente, ou por comunicación do órgano xudicial, nos seguintes supostos:

a) Cando a vítima sexa maior de idade ou se o condenado o foi por feitos cometidos durante a súa minoría de idade, a cancelación rexerese polo disposto no capítulo VI do Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, en función de que as inscricións teñan a súa orixe no Rexistro Central de Penados ou no Rexistro Central de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores.

b) Cando a vítima sexa menor de idade e o condenado maior de idade, a cancelación realizarase cando transcorra o prazo de trinta anos, contados desde o día en que se considere cumprida a pena de conformidade co artigo 136 do Código penal sen volver delinquir. Neste caso, a cancelación dos antecedentes penais que consten na inscrición do Rexistro Central de Penados en que aquela ten a súa orixe non comportará a cancelación desta información. Por outra parte, a dita información non poderá, por si mesma, servir de proba para constatar a reincidencia.

2. A cancelación das inscricións derivadas de sentenzas ditadas por xuíces ou tribunais estranxeiros que consten no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais exixirá a comunicación previa en tal sentido por parte do Estado de condena.

3. Unha vez que se produza a cancelación dos antecedentes penais dos inscritos no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e respecto daquelas causas en que conste o código identificador do perfil xenético do condenado, o encargado do Rexistro comunicaralle tal circunstancia á Base de datos nacional de ADN do Ministerio do Interior, para os efectos previstos no artigo 9 da Lei orgánica 10/2007, do 8 de outubro, reguladora da base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN.

Artigo 11. *Elaboración de estatísticas.*

A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, no marco do Plan de transparencia xudicial, poderán elaborar estatísticas dos datos contidos no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, eludindo toda referencia persoal na información e tendo en conta o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas súas disposicións complementarias.

Disposición adicional primeira. *Incorporación de datos relativos a penas e medidas de seguridade anteriores á entrada en vigor deste real decreto.*

Os datos relativos a penas e medidas de seguridade por delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais, así como por trata de seres humanos con fins de explotación sexual, incluída a pornografía, que figuren inscritos no Rexistro Central de Penados e no Rexistro Central de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto remitiranse automaticamente ao Rexistro Central de Delincuentes Sexuais no estado en que se encontren.

Disposición adicional segunda. *Colaboración entre as administracións públicas e outras institucións.*

1. O Ministerio de Xustiza colaborará coas administracións públicas e outras institucións co fin de favorecer a aplicación do presente real decreto durante o exercicio das profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, e

establecerá para tal fin os convenios que resulten necesarios naqueles ámbitos onde a actividade se desenvolva con menores de idade.

2. No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto, o Ministerio de Xustiza adoptará as medidas necesarias, en colaboración cos ministerios de Educación, Cultura e Deporte, de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e de Emprego e Seguridade Social e, de ser o caso, promoverá as adaptacións regulamentarias que sexan precisas para facilitar o cumprimento da prohibición establecida no número 5 do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, durante o exercicio das profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.*

O Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«2. O dito sistema de rexistros estará integrado polo Rexistro Central de Penados, o Rexistro Central para a Protección das Vítimas da Violencia Doméstica e de Xénero, o Rexistro Central de Medidas Preventivas, Requisitorias e Sentenzas non Firmes, o Rexistro Central de Rebeldes Cívís, o Rexistro de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores e o Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.»

Dous. Inclúese unha letra f) no número 3 do artigo 2 coa seguinte redacción:

«f) Rexistro Central de Delinquentes Sexuais: a inscrición da información relativa a aqueles que fosen condenados por sentenza xudicial firme polos delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais, así como por trata de seres humanos con fins de explotación sexual, incluída a pornografía, de conformidade coa Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do Sistema de protección á infancia e á adolescencia.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.5.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Xustiza para adoptar as disposicións administrativas e as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Non incremento do gasto.*

As medidas recollidas neste real decreto non poden xerar incremento nin de dotacións, nin de retribucións nin doutros custos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,  
RAFAEL CATALÁ POLO